

ADQUISICIÓN DE VIVENDA por menores de 35 anos - VI435A

Requisitos das persoas solicitantes:

- Ter ata 35 anos.
- Estar empadroados na vivenda adquirida.
- Que as rendas anuais das persoas que compoñen a unidade de convivencia non superen 3 veces o IPREM: 1.800 euros mensuais (ata 5 veces o IPREM no caso de persoas con discapacidade).
- Que nin a persoa solicitante nin ningunha das persoas integrantes da súa unidade de convivencia sexan propietarias ou usufrutuarias dalgunha vivenda en territorio español.
- Ter subscrito un contrato privado ou unha escritura pública de adquisición dunha vivenda a partir do 31 de outubro de 2024

Poden solicitar as persoas ás que lle foi denegada por esgotamento de crédito a subvención do ano 2024. Neste caso debe deixarse sen cubrir na solicitude a data de compra da vivenda.

Requisitos da vivenda:

- Que a vivenda estea localizada nun municipio de Galicia cunha poboación residente ata 10.000 habitantes.
- Que o prezo de adquisición da vivenda, incluídos os seus anexos, sen os gastos e tributos inherentes a ela, sexa igual ou inferior a 120.000,00 €.
- Que se trate dunha vivenda xa construída, tanto novas como usadas.

Contía da axuda: 10.800,00 euros por vivenda, co límite do 20% do prezo de venda.

Prazo de solicitude: Ata o 31/10/25.

Documentación complementaria:

- a) Documentación acreditativa da representación da persoa que actúe no nome da persoa solicitante, a través do modelo normalizado.
- b) Contrato privado de adquisición da vivenda, no caso de non dispoñer da correspondente escritura pública.
- c) Escritura pública de adquisición da vivenda, no caso de que fose formalizada con posterioridade ao 31 de outubro de 2024 e con anterioridade á data da presentación da correspondente solicitude.
- d) Certificado de empadramento colectivo das persoas empadroadas na vivenda adquirida, no caso de que a escritura pública de adquisición da vivenda se formalizase con anterioridade á data de presentación da correspondente solicitude.
- e) Anexo II, de declaración responsable de composición da unidade de convivencia da persoa solicitante e comprobación de datos, no suposto de que na vivenda adquirida vaian residir, con carácter habitual e permanente, outras persoas.

f) Anexo III, de declaración responsable da persoa solicitante e das persoas integrantes da súa unidade de convivencia, no caso de non estar obrigados a presentar a declaración do Imposto sobre a renda das persoas físicas, xunto coa seguinte documentación:

– Certificado de retribucións e retencións da empresa ou empresas nas cales estivese de alta no devandito exercicio.

– Certificado de pensións ou prestacións periódicas, emitido polo correspondente organismo oficial, no caso de non ser outorgadas polo Instituto Nacional da Seguridade Social (en diante, INSS).

– Certificados bancarios de rendementos do capital mobiliario.

g) No caso de que a persoa solicitante ou calquera das persoas integrantes da súa unidade de convivencia sexan propietarias ou usufrutuarias dalgunha vivenda en España e non poidan dispoñer dela:

– Convenio regulador de separación ou divorcio ou sentenza que acredite a dita circunstancia, de ser o caso.

– Documentación que acredite que a persoa solicitante e a súa unidade de convivencia non poden habitar a vivenda por calquera outra causa allea á súa vontade, de ser o caso.

– Informe técnico que xustifique a inaccesibilidade da vivenda por razón da discapacidade da persoa titular e/ou dalgún membro da súa unidade de convivencia, de ser o caso.

h) No caso de que a persoa solicitante ou calquera das persoas integrantes da súa unidade de convivencia sexan propietarias ou usufrutuarias da parte alícuota dunha vivenda en España, documentación acreditativa de que foi obtida por herdanza ou transmisión mortis causa sen testamento.

i) No caso de unidades de convivencia que contén con algún membro con discapacidade, o correspondente certificado de discapacidade, no suposto de tratarse dun documento non expedido pola Xunta de Galicia.

2. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán solicitados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

3. De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente a súa achega pola persoa interesada.